



***A NOITE BRANCA
DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS***

VENRES, 5 DE AGOSTO DE 2022

de 20:00 A 02:00



INTRODUCCIÓN

A Noite Branca é un proxecto ilusionante que desenvolvemos no Concello de Vigo para desfrutar e mostrar os museos e centros culturais da cidade, nunha xornada singular na que as coleccións e as exposicións se revisten de extensións musicais e outras actividades para mellor saborear o noso patrimonio.

Nesta edición da Noite Branca os museos e centros culturais da cidade abren as súas portas para darlles a oportunidade de saborear a cultura dunha forma moi especial. A Rede Museística e Expositiva de Vigo ofrece de novo toda unha mancha de actividades, exposicións, visitas guiadas, concertos, obradoiros, etc. que lles permitirán redescubrir o rico patrimonio da nosa cidade.

A iniciativa contén a súa filosofía de gratuidade, sostibilidade e participación e seguimos convidando o público de todas as idades a participar nesta experiencia enriquecedora.

A cultura está máis viva ca nunca en Vigo. Déixense sorprenden polas propostas desta Noite Branca 2022 e acudan a ela coa mirada aberta, dispostos a gozar da arte e da cidade.

INFORMACIÓN E RESERVAS

010 SERVIZO DE ATENCIÓN CIDADÁ

Horario de servizo: Luns a venres de 08:00 a 20:00

Sábados de 10:00 a 14:00

Forma de contacto: Dende Vigo marcando 010.

Fóra de Vigo e dende móbiles 986 810260

Fax 986-810263

Correo electrónico: 010@vigo.org

www.vigo.org

SERVIZO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO RMM

Inscripcións para determinadas visitas guiadas a exposicións e para os obradoiros do programa “Verbum creativo”.

As reservas realizaranse entre o mércores 3 e o propio venres 5 de agosto, mentres haxa dispoñibilidade, segundo o seguinte:

De mércores a venres, de 10:00 a 14:00 e de 17:00 a 20:00

Tfnos: 986- 240130 ou 619 948 920; correo electrónico: reservas.aprmvigo@gmail.com



A NOITE BRANCA DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

PROGRAMACIÓN POR CENTROS



PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

*** PAZO-MUSEO. VISITAS**

Horario de apertura: de 20:00 ata a 02:00 h.

Visita do Pazo de Castrelos. Horas: 20:00, 23:00, 24:00, 01:00

Visita-obradoiro da sala de arqueoloxía. Horas: 20:00, 21:00, 22:00, 24:00 e 01:00

Gratuítas. Duración estimada de 45 min

Grupos: máximo de 25 persoas/visita

*** EXPOSICIÓNS:**

*** COLECCIÓN ARQUEOLÓXICA.**

A colección arqueolóxica municipal abarca desde o Paleolítico ata a Romanización. Na exposición permanente trázase un percorrido vital desde a alba do ser humano como especie na comarca de Vigo ata os primeiros séculos de nosa era. Nesa viaxe pola prehistoria e a historia antiga, os distintos elementos que integran a colección cóntannos como era a vida no Vigo primixenio e os seus arredores: como pescaban, que comerciaban, a que deuses adoraban e como enterraban aos seus mortos.

Os xacementos representados na colección comprenden todo o termo municipal (O Castro, Toralla, Areal, Saiáns, etc.) e esténdense ademais por outros do sur da provincia de Pontevedra (Donón, Budiño, Atios, etc.).

*** RECREACIÓN do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**

O pazo de Castrelos está considerado un dos exemplos máis senlleiros de pazo galego. Edificado en 1670 foi obxecto de varias reformas nos séculos XIX e XX que amais de embelecelo, transformárono en casa-museo visitable. Un percorrido polas súas estancias, cunha atractiva selección de obras de arte e obxectos decorativos, permite evocar o ambiente aristocrático da mansión a primeiros do século XX, en época dos seus últimos residentes, os marqueses de Mos e Valladares.

A colección de Pintura Europea posúe un total de 128 obras de arte coas que se percorren as máis importantes escolas pictóricas europeas dos séculos XVI a XIX: italiana, holandesa, framenga, francesa, alemá, española ou inglesa. A variedade temática inclúe todos os xéneros: paisaxe, retrato ou bodegón, entre outros; con obras verdadeiramente mestras de autores como Fragonard, Subleyras ou Carlo Maratti.

Os cadros da colección proceden na súa meirande parte do legado do filántropo vigués D. Policarpo Sanz ou de depósitos realizados, pouco antes de se iniciar a Guerra Civil, polo Museo Nacional del Prado.



Mobiliario e artes decorativas

Máis de 1.000 pezas integran as coleccións deste apartado no que destaca a sección de cerámica e porcelana, con pezas orientais e de célebres fábricas europeas como Sévres, Limoges, Meissen, ou da galega Real Fábrica de Sargadelos.

No percorrido polas salas pódese ver unha selección e tamén un abundante conxunto de mobiliario histórico de diversas escolas europeas dos séculos XVIII a XIX, especialmente a francesa (Luís XV, Luís XVI e Imperio). Resulta tamén salientable o moble galego da escola compostelá de Maximino Magariños ou José Liste, célebres ebanistas a cabalo entre os séculos XIX e XX. As artes decorativas completan o seu catálogo cun fermoso repertorio de reloxs, alfombras orientais e españolas, lámpadas, cristalería e obxectos de prata ou bronce que verdadeiramente trasladan as e os visitantes a outra época.

*** Visitas guiadas ao Xardín Histórico do Pazo-Museo**

20:00, inicio das visitas guiadas ao Xardín Histórico
Punto de encontro: na porta do Pazo-Museo
Duración estimada de 40-45 min. Grupos en galego e castelán
Máximo de 25 persoas. Tres grupos á vez. Sen reserva previa

O Xardín Histórico do Pazo de Castrelos data de finais do século XIX, a realización do seu deseño foi ordenado polo marqués de Alcedo e María de los Milagros Elduayen VIII marquesa de Valladares. A súa localización é adxacente ao pazo, sobre un terreo de labranza prominente, aínda que non o máis elevado de toda a propiedade.

O xardín pacego chegou ata hoxe é o resultado da transformación da primitiva horta lindeira ao propio pazo, dando resposta a unha esixencia de mellora da calidade de vida e como signo dun status social diferenciado. Os señores pacegos podíanse permitir o abandono produtivo dun pedazo de horta e darlle outro uso, para servir como elemento ornamental e de ocio.

A autoría do deseño e construción dos xardíns é descoñecida, non obstante, cabe subliñar que, a influencia das correntes xardineiras vixentes nesa época na bisbarra de Vigo, non só era "portuguesa", senón tamén, francesa e belga acreditado polo asentamento de familias de longa tradición xardineira como os "Turc" e os "Philippot".

No recinto axardinado pódense considerar cinco sectores ben diferenciados que facilitan o seu estudo e descrición: xardín de acceso, roseiral, xardín francés, xardín inglés e bosque.

*** CONCERTO:**

Adro de pedra do xardín dianteiro do Pazo de Castrelos.

21:00 h: Grupo Marés Sonoras. "Soños Ibéricos"

Duración estimada: 60 minutos.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



Patricia Cadaveira saxos soprano e alto
Marcel Pascual, vibráfono
Alfonso Calvo, contrabaixo
Miguel Cabana, percusión

O grupo: Cando a saxofonista galega Patricia Cadaveira, procedente do mundo da música clásica e contemporánea e o percusionista catalán, Marcel Pascual, especializado no vibráfono e no mundo do jazz, se coñecen no Porto (Portugal), as súas orixes mestúranse ao tempo coas súas vivencias musicais. Froito deste encontro nace este proxecto a través do que se exploran múltiples conexións ibéricas. Canda colaboradores do talle dos percusionistas Miguel Cabana e Carlos Ronda, o contrabaixista Pablo Pérez Sanmamed e, máis recentemente, a cantante Paula Rey, este proxecto vén ofrecendo, desde a súa creación, en 2016, diferentes concertos en distintos espazos da península, como Porto, Aveiro (Portugal), Cataluña, Valencia ou Galicia. Destaca (, destacando) a súa participación no Festival Música als Parcs de Barcelona, Festival Espazos Sonoros en Galicia, o ciclo Sons para un regreso e ao ciclo De lugares e órganos. En 2019 deciden dar un impulso á súa carreira coa publicación do seu primeiro disco *Sueños Ibéricos*, editado pola discográfica Temps Record, que conta como convidada especial coa cantante asturiana Marisa Valle Roso.

O programa: A través dos seus programas, o grupo recrea os repertorios ibéricos, desde os máis clásicos ata as músicas máis actuais, desde a perspectiva do jazz e as novas músicas, percorrendo diferentes períodos históricos que inclúen desde a Idade Media ata os nosos días.



PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa de Abeleira Menéndez, 8

* Ampliación de horario de apertura.

Ampliación ata a 02:00

Visita da exposición “*Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega*”

Horas: 21:00, 22:00, 23:00, 24:00 e 01:00

Gratuítas. Duración estimada de 45 min

Grupos: máximo de 40 persoas/visita

* EXPOSICIÓNS:

* **“FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO. NOS VIEIROS DA ARTE GALEGA”. Plantas baixa, primeira e segunda.**

Esta mostra quere ser homenaxe ao ilustre intelectual galego polo seu décimo cabodano que, anque acontecido o 26 de novembro de 2020, debeu pospoñerse por mor da situación sanitaria.

Por outra banda, trátase dunha exposición necesaria e de xustiza realizala porque se ben a o labor de Francisco Fernández del Riego no campo da historiografía, particularmente literario, é sobradamente coñecido, non ten ocorrido o mesmo respecto á súa esencial participación na historia da arte galega contemporánea.

Un labor que arranca antes da guerra civil española e chega ata os primeiros anos do século XXI. Desde a súa chegada a Compostela nos anos 30 do século pasado, o xove Del Riego manifesta ser, amais dun extraordinario orador, un excelente articulista, cunha perspicacia e sensibilidade artística fora de toda dúbida que lle permitiu valorar moi axeitadamente os grandes artistas galegos que lles eran contemporáneos: Maside obviamente, pero tamén Laxeiro ou Mario Granell de quen fai as súas primeiras críticas en prensa.

Tras a guerra, desde o chamado exilio interior, grazas a unha intensa colaboración cos exiliados do exterior, particularmente co artista Luís Seoane, o labor de Francisco Fernández del Riego será fundamental na organización de toda clase de proxectos ao obxecto de manter viva a cultura galega que hoxe gozamos. E que xustamente se lle recoñece coa dedicación do Día das Letras Galegas o vindeiro ano 2023.



CASA DAS ARTES

Rúa de Policarpo Sanz, 15

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 02:00

* EXPOSICIÓNS:

EXPOSICIÓN TEMPORAL: “SOCIEDADE XXI” DE JUAN TEIXEIRA. Planta baixa

22:00 - Presentación do catálogo da exposición a cargo de Juan Teixeira e posterior visita guiada co artista. **Non precisa inscrición previa**

Entrada libre ata completar a capacidade do espazo (máximo 90 persoas)

Juan Teixeira é un fotógrafo documental, xestor cultural e xornalista independente nacido en Vigo no ano 1983. A través dunha serie de viaxes por América do Sur e o Sueste Asiático observou que a fotografía era unha forma de relacionarse e explorar o mundo dun modo moi persoal. Para afondar no mundo da imaxe, realiza o *Máster de Fotografía e Deseño* na Escola Elisava de Barcelona e posteriormente un *Máster de Xornalismo Multimedia* en Bilbao.

Dende entón, intentou comprender o mundo que o rodea, centrándose nas persoas e as súas relacións con outras persoas, coa sociedade, a natureza e o tempo e lugar que a cada unha delas lles toca vivir. Ten cuberto diversos acontecementos nos últimos dez anos, dende a crise de refuxiados en Europa, a guerra de Ucraína ou a situación do pobo kurdo en Turquía ou do palestino en Cisjordania.

A presente exposición está formada por obra inédita, composta por máis de 80 fotografías recompiladas durante os últimos dez anos de traballo como fotógrafo documental en máis de 30 países, seleccionadas, editadas e estruturadas durante o último ano. "Sociedade XXI" retrata persoas, situacións e lugares que propoñen unha problemática universal a través da representación particular. Estas representacións amosan problemas concretos que calquera cidadán do mundo (se) pode propoñerse ao longo da súa vida, como por exemplo a relación coa natureza nas cidades, o turismo enlatado, a falta de empatía, o bombardeo publicitario, a marxinação, a falta de tempo para pensar, a contaminación, as violencias, as desigualdades sociais ou de xénero, a necesidade de consumir, a soidade na era da comunicación...

* **“COLECCIÓN LUÍS TORRAS”. EXPOSICIÓN PERMANENTE. Planta segunda.**

En 1998 o lonxevo artista vigués Luís Torras (1912) dóalle á cidade de Vigo unha importante colección de obras da súa autoría. Formada por máis de cincuenta cadros producidos entre 1960 e 1997, a exposición cobre todos os xéneros practicados polo pintor (paisaxes, bodegóns, mariñas, retrato...) e as súas variadas técnicas, permitindo deste xeito ofrecer un completo retrato deste interesante e popular artista.



* “FUNDACIÓN LAXEIRO”. Planta terceira

- EXPOSICIÓN PERMANENTE LAXEIRO

Visita guiada ás 21:00 e ás 23:00

Grupos de 20 persoas

Inscripción previa no correo-e “fundacion@laxeiro.org”

A Fundación Laxeiro en Vigo é a mellor forma de descubrir a José Otero Abeledo. Máis coñecido como Laxeiro (Lalín, 1908–Vigo, 1996), este vigués de adopción é unha figura clave na historia da pintura galega.

A exposición permanente está integrada por máis de 60 obras deste artista, considerado o máximo representante do movemento coñecido como “Renovadores da vangarda histórica galega”. Os seus integrantes foron protagonistas dunha renovación plástica que superaba o rexionalismo imperante na época e que situaba a identidade estética galega en consonancia coas tendencias europeas.

- EXPOSICIÓN TEMPORAL: “*Laxeiro descoñecido II. Obras inéditas de segunda época*”

Esta mostra está formada por unha escolma vinte e catro pinturas e debuxos catalogados despois da publicación do *Catálogo universal* en 2009, todos eles datados entre os anos cincuenta e noventa. Este proxecto é a segunda achega da serie *Laxeiro descoñecido* coa que a Fundación Laxeiro quere mostrar unha pequena parte do traballo de investigación co que leva catalogadas unhas catro mil referencias dende o ano 2000. Estas dúas exposicións enmárcanse dentro das actividades programadas pola Fundación Laxeiro con motivo do **Ano Laxeiro**, acordado pola Real Academia Galega de Belas Artes.



CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, 2

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 02:00 h. Visita libre ata completar capacidade.

* EXPOSICIÓNS:

* **“MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”. Exposición permanente.**

A colección está integrada por máis de vinte mil títulos, aos que hai que engadir a correspondencia persoal que Fernández del Riego mantivo, ao longo de décadas, coas máis destacadas figuras do galeguismo e a intelectualidade no período de entre guerras.

A colección artística, eixo do museo e altamente representativa da arte galega desde finais do século XIX, está composta por 254 pezas das que 79 son obras pictóricas de artistas como Maside, Castelao, Minguillón, Díaz Pardo, Torres, Colmeiro, Ruibal ou Granell.

Neste eido artístico tamén (se) poden atoparse obras dos escultores Failde Gago e Elena Colmeiro, así como fotografías e obxectos persoais que testemuñan a condición de erudito de Francisco Fernández del Riego e que constatan, en definitiva, o significado intelectual, galeguista e amigo das artes que Fernández del Riego tivo nos círculos artísticos.

- EXPOSICIÓN TEMPORAL: “CADERNO GRÁFICO. EXPLORACIÓNS CON TÉCNICAS GRÁFICAS NO DESEÑO TÉXTIL”. Planta baixa. Promove: Universidade de Vigo

A linguaxe gráfica aplicada na moda ten un longo percorrido. Ao longo do século XX, e especialmente nas décadas que levamos do XXI, son moitos os/as artistas e deseñadores/as que teñen colaborado con marcas de moda, trasladando a súa linguaxe gráfica a diferentes produtos. Algúns coa idea de difundir a arte a unha parte da sociedade á que dificilmente chegaría doutro xeito (Raoul Dufy, Picasso ou Dalí); outros dentro dunha tendencia cada vez maior de colaboracións arte-moda como estratexia de comunicación e posición de marca (Daniel Buren, Takashi Murakami ou Damien Hirst).

O traballo gráfico e a metodoloxía centrada na experimentación e no proceso artístico forman parte do ADN dos estudos de Esdemga e do Mestrado universitario en deseño e dirección creativa en moda. As sinerxías establecidas ao compartir espazos de formación con outras ensinanzas artísticas, así como os talleres e as tecnoloxías que o estudantado emprega libremente, reflíctense á perfección nas propostas creativas desta mostra. Os deseñadores e deseñadoras son xenerosos ao deixar que nos asomemos ao seu proceso de creación a través de probas ou de documentos que a miúdo fican ocultos. Estes proxectos responden, ademais, á realidade social e cultural das súas creadoras e creadores, unha xeración con «apetito constante de coñecemento» que busca «unha



conexión emocional coas marcas a través dunha narración significativa» –destacaban no informe anual de Burberry en 2019–, e a pandemia non fixo máis ca intensificar esta visión da moda nas novas xeracións. Na gráfica reside o concepto destas creacións. Sen traballo gráfico estes proxectos estarían baleiros de significado.

Forman parte da mostra: África Abadín, Alejandro Sierra, Anaïs Kerbrat, Denise Pena Lestón, Lucas Cabaleiro, Lupita Hard, Noemí Montenegro, Sabela Juncal e Silvia Marra.



VERBUM

Avda. de Samil, 17

* Ampliación de horario de apertura

Ampliación ata a 02:00

Visita guiada á exposición permanente. Horas: 21:00, 22:00, 23:00, 24:00 e 01:00

Gratuítas. Duración estimada de 45 min

Grupos: máximo de 30 persoas/visita

*** EXPOSICIÓN PERMANENTE.**

Proxectado polo arquitecto galego César Portela e situado na contorna da praia de Samil, o Verbum é un museo interactivo sobre todos os ámbitos relacionados coa comunicación humana. Está deseñado como un espazo cultural, lúdico e divulgativo no que se pode participar dun modo activo nos elementos expositivos. Estrutúrase en catro andares unificados por unha caixa de luz que os atravesa e os relaciona, semellando un conxunto de caixas chinesas que se conteñen as unhas ás outras.

O museo é un espazo de entretemento que permite experimentar e coñecer, a través de xogos, todo o relacionado coas linguaxes, os idiomas, as palabras, as letras, os sons, os signos, os símbolos, a vista, o oído, a lectura, a escrita, a literatura e a tecnoloxía.

O deseño expositivo organízase en 29 cubos que conteñen, no seu interior, un total de 81 módulos que desenvolven os distintos temas do museo: linguaxe, ciencia, literatura e tecnoloxía. Ademais, o museo organiza actividades interactivas destinadas a escolares, asociacións culturais, familias, etc.

* **“VERBUM CREATIVO”**: Concibido como un espazo de sensibilización, experimentación, divulgación e creación a partir das capacidades de artistas de distintas disciplinas, facendo partícipes e parte fundamental aos asistentes que pasan a ser parte dos diferentes procesos creativos. **Precisan inscrición previa.**

*** Obradoiro**

THEREMIN, O INSTRUMENTO ELECTRÓNICO INTANXIBLE

O theremin é un peculiar instrumento electrónico desenvolvido en Rusia que cumpriu 100 anos no 2019. O seu inventor, o científico, músico Leon Theremin, desenvolveu un inédito aparello intanxible. É dicir, que non requiría contacto físico por parte do intérprete co instrumento, senón que este xeraba notas cos seus movementos de brazos e mans no aire diante de dúas antenas.

Con 50 minutos de duración cada unha, Paulo fará tres demostracións do uso de varios dos seus theremines, amosará as súas posibilidades e establecerá unha conversa coas e cos asistentes sobre calquera enfoque ou dúbida do seu funcionamento, xeitos de interpretación de melodías, etc.

3 sesións de 50 minutos cada unha delas. Máximo: 12 persoas

Horarios pases: 20:30; 21:40; 22:50

Para público familiar

Imparte: Paulo Pascual, músico



*** Obradoiro**

ESCOITA ACTIVA, PAISAXE SONORA, RUÍDO...

Reflexións e prácticas dirixidas en relación á importancia da escoita e do noso achegamento ao son.

Gravación de campo, *soundscape*, obxecto sonoro, aumentación, *self noise*, bucle, *sampling*, cultura do *mash up*... son algúns dos conceptos que fiarán esta conversa na primeira parte do obradoiro. A segunda parte, consistirá de maneira práctica en escoitar activamente diferentes arquivos de audio en relación ao falado anteriormente, formulando a posibilidade de que cada participante traia consigo un arquivo para escoitar de xeito colectivo (pode ser absolutamente calquera cousa, o único requisito é que sexa audio).

2 sesións de 90 minutos cada unha delas. Máximo: 12 persoas

Horarios pases: 20:30; 22:30

Recomendado a maiores de 14 anos

Imparte: Acacia Ojea, artista sonora e experimental

*** Obradoiro**

ANIMALIZA A TÚA ROUPA

O obradoiro consiste na realización dunha peza colectiva, que encaixe neste abano de arte urbana, utilizando o recurso do *stencil*, de seriación de imaxes a través de modelos/padróns, preferiblemente sobre unha peza “chupa vaqueira” a partir dunha proposta estética escollida previamente polo artista que neste caso será a **iconografía animal**. O obradoiro está dirixido sobre todo a nenos e nenas acompañados dos seus pais/nais que poderán axudar e intervir, incluso traballar en pezas propias. Poderemos rematar cada peza con outros elementos como chatolas incrustadas, retallos de cores pegados e outros elementos diversos. Nos tempos de secado poderase realizar a mesma imaxe nun papel que logo utilizaremos para intervir na rúa.

Trataremos de reflexionar sobre a importancia dese “faino ti mesmo/a” coa realización dunha peza colectiva que poidamos instalar na rúa, entendendo e aplicando a técnica do *stencil*. O pequeno traballo individual, propio, en conxunto e disposto en colectividade, adquirirá unha gran forza visual.

2 sesións de 90 minutos cada unha delas. Máximo: 12 persoas

Horarios pases: 20:30; 22:30

Para público familiar

Imparte: Federico Fernández Alonso, ilustrador e profesor de debuxo

*** Obradoiro**

XORNALISMO GRÁFICO CREATIVO

A finalidade de este obradoiro de fotografía (cámara réflex ou teléfono móbil) e que as persoas participantes relaten, a través da súa ollada o que estea a acontecer esa noite no Verbum.

Para a súa exposición e difusión creárase unha páxina en Instagram para que os participantes compartan as súas fotografías na rede.

3 sesións de 75 minutos cada unha delas. Máximo: 12 persoas

Horarios pases: 20:00; 21:45; 23:15

Para público familiar

Imparte: Sonia Daponte, fotógrafa



* CONCERTOS:

Terraza Verbum

22:00 h: Pablo Lesuit

É un músico multi-instrumentista, cantante e compositor galego que destaca na nova escena da canción iberoamericana polo o seu estilo persoal e independente. A súa música non entende de fronteiras ou etiquetas; ceibe, viaxa por intensas paisaxes nas que a poesía das súas letras combínanse con grandes doses de percusión, guitarras e samplers.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.

24:00 h: Skarajazz

Baseado nun repertorio de éxitos do soul e jazz de todos os tempos, o cuarteto vigués achega o seu son persoal cheo de enerxía e boa onda mesturando estilos como o Ska co propio Jazz. A voz da súa cantante, guitarra, trompeta, batería e mesmo acordeón fan da súa actuación unha proposta elegante e divertida para pechar a Noite Branca no Verbum.

Duración estimada de 45 min.

Entrada libre ata completar capacidade do espazo con cadeiras.



**XACEMENTO ARQUEOLÓXICO
CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO
Vila romana de Toralla**

Recreacións históricas teatralizadas do mundo romano
5 Pases: 20:00 h, 21:00, 23.00, 00.00 e 01:00
50 prazas por cada pase. Non precisa inscrición previa.

FINCA SOLITA

21:30 Apertura de portas
22:00 Coñece Villa Solita e o Vigo do século XIX
22:30 O ceo nocturno de verán

Da man do historiador e divulgador astronómico, Pablo J. Martínez Alemparte, realizarase unha xornada nova e distinta para Solita na que mesturaremos Historia e Astronomía. Por unha banda, a historia da nosa cidade e deste espazo patrimonial nun momento crucial como foi o século XIX, e por outra, as conexións, tanto mitolóxicas como prácticas, que existiron ao longo da historia da humanidade entre os fenómenos astronómicos e as distintas culturas. Cando caia a noite, e no espazo exterior do predio, apagaranse as luces da contorna para facer un percorrido guiado polo ceo nocturno do verán, o cal, ao longo da historia, foi instrumento para a medida do tempo, a orientación, e a plasmación dos idearios míticos das sociedades pero tamén unha paisaxe natural, cultural... e fonte de inspiración para a arte en todas as súas vertentes.

MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

* Ampliación do horario de apertura

Ampliación ata as 02:00

*** EXPOSICIÓNS:**

- **FRANCISCO LEIRO. *O antropomórfico, 1986-2022***. Planta baixa

<https://www.marcovigo.com/content/francisco-leiro-o-antropom-rfico-1986-2022>

Este proxecto formula unha revisión da obra de Francisco Leiro (Cambados, 1957) ao longo de máis de tres décadas: un traballo centrado no antropomórfico, que é sen dúbida un dos eixes da súa produción. Deixando a un lado calquera sentido ou intención cronolóxica, búscase trazar a relación das obras cos peculiares espazos da planta baixa do MARCO, percorrendo tanto a obras xa realizadas como a pezas de nova produción, específicas para esta mostra.

- **ALFREDO ALCAIN. 1965-2021**. Salas frontais, 1º andar

<https://www.marcovigo.com/content/alfredo-alcain-0>

A exposición de Alfredo Alcain (Madrid, 1936) reúne máis de oitenta obras dende 1965 ata 2021, entre pinturas, debuxos, e esculturas. A partir dunha selección de pezas que van sinalando distintas etapas do seu traballo, a montaxe articúlase como un itinerario circular polas salas frontais da primeira planta, sacando partido da estrutura e amplitude dos espazos.

- **IDOIA MONTÓN. *As sete xanelas***. Galería B1 e sala perimetral, 1º andar.

<https://www.marcovigo.com/content/idoia-mont-n-sete-xanelas>

Producida por Sala Rekalde (Bilbao) e o MARCO, *As sete xanelas* é o nome da individual de Idoia Montón. O uso da xanela é un elemento reiterado ao longo de toda a traxectoria de Montón como medio para ver a realidade, a paisaxe ou a vida. Sublíñase a importancia do punto de vista, dunha mirada que nunca é normativa, directa ou centrada, senón lateral, múltiple e fragmentaria; así como a persistencia dos espellos e a imaxe reflectida. A mostra, concibida a través dunha serie de núcleos temáticos, formais e contextuais, está organizada en catro ámbitos: *Un cuarto propio*, *Guerra*, *Barna*, e *Cos ollos abertos*.

**** VISITAS GUIADAS ÁS EXPOSICIÓNS**

Lugar: salas de exposición da planta baixa e do 1º andar

- Horarios: **20:00 e 22:00:** exposición Francisco Leiro

21:00 e 23:00: exposicións Alfredo Alcain e Idoia Montón.



MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa da Pastora, 22

* Ampliación horario de apertura.-
Ampliación ata a 01:00

20:00 “XURDINDO O FÍO” : exhibición do fiado e participación colectiva no TECIDO SORORAL do museo.

- Exhibición: artesán Rafael González Goyanes
- Duración: 90 minutos
- Predio circundante ao museo. *Sen reserva.*

20:00 e 21:00

Inauguración e paseos guiados á exposición temporal “CONVITE AO AVECER: de aires, doenzas e feridas”, de Nuria Ferreiro.

- Presentación e guía: Nuria Ferreiro
- Duración paseos: 20 minutos

Sala da Menciña popular

Sen reserva, admisións ata completar capacidade

22:00

Visita especial guiada á exposición permanente e á exhibición de seriados de debuxos humorísticos orixinais de Mariano Marcos Abalo: *Cousas; Camiño de Santiago; Árbores.*

- Duración: 60 minutos

Sen reserva, admisións ata completar capacidade

23:30

Visita guiada á exposición permanente e temporais “Do paínzo ao millo” e “Ancestros Tecnolóxicos”.

- Duración: 60 minutos

Sen reserva, admisións ata completar capacidade



MUSEO DO MAR DE GALICIA

Avda. Atlántida, 160 (Alcabre)

* Ampliación de horario de apertura

De 20:30 a 00:00 - Entrada de balde dos 2 edificios principais (acuario pechado).

VISITAS GUIADAS ás 21:00, 22:00 e 23:00 á exposición temporal *"O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra"*.

* Máis información: <http://museodomar.xunta.gal/es>; info.museodomar@xunta.gal

Tfno.: 986-247750 de martes a domingo de 11.00 a 14:00 h

SEDE AFUNDACIÓN VIGO

Policarpo Sanz, 26

* Ampliación de horario de apertura

De 17:30 ás 24:00 h

* **SUEÑO DE NAVEGANTE. COLECCIÓN DE ARTE CUBANA CONTEMPORÁNEA DE LUCIANO MÉNDEZ SÁNCHEZ.**

Entrada libre ata completar aforo.

A partir da revisión dos fondos da Colección de Arte Cubana Contemporánea Luciano Méndez Sánchez, a exposición ***Sueño de Navegante*** convida a realizar un percorrido pola arte cubana contemporánea dos últimos cincuenta anos; Transitando por diferentes temáticas, estilos, soportes e autores que se converteron en imprescindibles dentro do escenario plástico da Illa. A diversidade e riqueza nesta colección tradúcense na pluralidade coa que se relata a historia pasada e presente: a través da esencia das raíces, da revisitación do "eu", do soño, e da propia viaxe que supón a identidade. A mostra está composta por unha selección de arredor de 60 pezas e reúne aos máis destacados artistas do panorama cubano contemporáneo. Artistas consagrados, como Roberto Fabelo ou Alfredo Sosabravo pero tamén outros creadores que están agora triunfando no panorama internacional co seu traballo, comparten espazo nesta mostra.

Trátase dunha apertura excepcional, unicamente para ese día, posto que a sala permanecerá pechada ao público durante todo o mes de agosto e reabrirase en setembro.

Máis información: 986120088; <https://www.afundacion.org/ga/agenda/evento/exposicion-coleccion-de-arte-cubano-contemporaneo-luciano-mendez-en-vigo>



A NOITE BRANCA DA REDE DE MUSEOS MUNICIPAIS

RESUMO DO PROGRAMA



EXPOSICIÓNS, VISITAS E ACTIVIDADES

PAZO-MUSEO MUNICIPAL “QUIÑONES DE LEÓN”

Parque de Castrelos

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02.00

- * **Colección arqueolóxica.**
- * **Recreación do pazo galego e colección de pintura antiga e artes decorativas.**
- * **Visitas guiadas ao Pazo** (20:00, 23:00, 24:00 e 01:00)
- * **Visita-obradoiro da sala de arqueoloxía** (20:00, 21:00, 22:00, 24:00 e 01:00)
- * **Visita guiada aos xardíns históricos.** 20:00. e terán unha duración estimada de 40-45 min cada sesión. Grupos en galego e castelán.
- * **Concerto no Adro de pedra xardín dianteiro:** Grupo Marés Sonoras “Soños Ibéricos”: 21:00 h.

PINACOTECA “Francisco Fernández del Riego”

Rúa de Abeleira Menéndez, 8

Horario de apertura: de 20:00 ata a 02:00

- * **Visita guiada da exposición “Francisco Fernández del Riego. Nos vieiros da arte galega”:** 21:00, 22:00, 23:00, 24:00 e 01:00

CASA DAS ARTES

Rúa de Policarpo Sanz, 15

Horario de apertura: de 20:00 ata a 02:00

- * **EXPOSICIÓN “SOCIEDADE XXI” DE JUAN TEIXEIRA.** Planta baixa.
22:00.- Presentación do catálogo da exposición a cargo de Juan Teixeira e posterior visita guiada co artista. **Non precisa inscrición previa**
- * **“COLECCIÓN LUIS TORRAS”.** Exposición permanente. Planta segunda.
- * **“FUNDACIÓN LAXEIRO”.**
 - Exposición permanente. Planta terceira. Visita guiada ás 21:00 e ás 23:00
 - Exposición temporal: **“Laxeiro descoñecido II. Obras inéditas de segunda época”**



CASA GALEGA DA CULTURA

Praza da Princesa, 2

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02:00

* **“MUSEO FRANCISCO FERNÁNDEZ DEL RIEGO”**. Exposición permanente.

* **“CADERNO GRÁFICO. EXPLORACIÓN CON TÉCNICAS GRÁFICAS NO DESEÑO TÉXTIL”**. Planta baixa. Promove: Universidade de Vigo

VERBUM

Avda. de Samil, 17

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02:00

* **EXPOSICIÓN PERMANENTE. Visitas guiadas:** 21:00, 22:00, 23.00, 24:00 e 01:00

* **VERBUM CREATIVO:**

- Obradoiro: THEREMIN, O INSTRUMENTO ELECTRÓNICO INTANXIBLE
- Obradoiro: ESCOITA ACTIVA, PAISAXE SONORA, RUÍDO...
- Obradoiro: ANIMALIZA A TÚA ROUPA
- Obradoiro: XORNALISMO GRÁFICO CREATIVO

* **CONCERTOS NA TERRAZA:**

22:00 h.- PABLO LESUIT.

24:00 h.- SKARAJAZZ.

XACEMENTO ARQUEOLÓXICO CENTRO DE INTERPRETACIÓN DO MUNDO ROMANO Vila romana de Toralla

* **Recreacións históricas do mundo romano.**

Pases: 20:00, 21:00, 23:00, 00:00 e 01:00

Non precisa inscrición previa.

FINCA SOLITA

21:30 h. Apertura de portas

22:00 h. Coñece Villa Solita e o Vigo do século XIX

22:30 h. O ceo nocturno de verán



MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo

Rúa do Príncipe, 54

Horario de apertura: de 20:00 ata as 02:00

Entrada libre e gratuíta ata completar capacidade

* **EXPOSICIÓN FRANCISCO LEIRO. *O antropomórfico, 1986-2022***. Planta baixa.

Visita guiada ás 20:00 e ás 22:00

* **EXPOSICIÓN ALFREDO ALCAIN. *1965-2021***. Salas frontais, 1º andar.

Visita guiada ás 21:00 e ás 23:00

* **EXPOSICIÓN IDOIA MONTÓN. *A sete xanelas***. Galería B1 e sala perimetral, 1º andar.

Visita guiada ás 21:00 e ás 23:00

MUSEO LISTE-Etnográfico de Vigo

Rúa da Pastora 22

Horario de apertura: de 20:00 ata a 01:00

*** ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS**

20:00: “Xurdindo o fío”. Exhibición artesanal. 90 minutos. Sen reserva.

20:00 e 21:00: Pases guiados á exposición temporal “*CONVITE AO AVECER: de aires, doenzas e feridas*”. 20 minutos. Sen reserva ata completar capacidade.

22:00: Visita guiada á exposición permanente e á exhibición de seriados de debuxos humorísticos orixinais de Mariano Marcos Abalo. 60 minutos. Sen reserva ata completar capacidade.

23.30: Visita guiada: “Do paínzo ao millo” e “Ancestros Tecnolóxicos”. 60 minutos. Sen reserva ata completar capacidade.

MUSEO DO MAR DE GALICIA

Avda. da Atlántida, 160 (Alcabre)

* Horario de apertura: de 20:30 a 00:00.- Entrada de balde dos 2 edificios principais (acuario pechado).

* **Visitas guiadas** á exposición temporal “*O Camiño Portugués. Lembranzas de mar e pedra*”. 21:00, 22:00 e 23:00.

**CONCELLO
DE VIGO**



SEDE AFUNDACIÓN VIGO

Policarpo Sanz, 26

* Horario de apertura: de 17:30 ás 24:00.

* **Exposición** “*Sueño de navegante. Colección de arte cubana contemporánea de Luciano Méndez Sánchez*”. Entrada libre ata completar capacidade.